# ID#582

Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03
**Informante**: Sebastián Rois Porto (mariñeiro, 64)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

5

- N. II -

405.

1) A mediados de otubre
no muro de Mariano
houbo exposición de burros 'sposición
caso que nunca encontramos.

2) Pensaban os forasteiros
que era a porcisión do Mar
esa a burrada que iba
cara-à illa-à traballar.

2 3) Que misterio tan extraño estraño
nunca en Malpica pasou
pero non é cousa extraña 'straña
por ser de quen a inventou.

4) Qu'hasta burra de Mateo
foi por traballos da illa
e Àmalia de Santiago
a mais Francisco de Vilas.

3) 5) Luciana mas-lo burro
a mais Inacio de Vilas
Aduardo de Reixía
Mingrà e Ramón de Vilas.

6) Os dous burros de Marina
e San Roque de Seaia
e Manoela de Veigha
quedou pá outra semana.

ID#582

Ponteceso III, 1, Malpica, Marzal 1980
Sebastian Rois Porto 64 anos, mariñeiro

C) 138 - 5

- N. II -

III,1, 5) ~~7)~~ Benino na súa motora
axudounos a levar
para ver se lle servían
pa levar no vran ó mar.

~~8)~~ Qué era tanta a ~~excaseá~~ scaseba
que había polas casas
qu'abandonaron motoras
chalanas a mais tarrafas.

1:27

5) ~~9)~~ Ghracias que veu o Adaro
Varar a San Adrián
que trouxo ovos e carne
a mais moletes de pan.

~~10)~~ ó desembarcar no Muro
foi un relagho tan ghrande
que un hasta lle quitou
das mans un cacho de carne.

6) ~~11)~~ Outras ~~se van~~ iban pola calle
con moletes por lucir
outras cos ovos nas mans
non se fartaban de rir.

~~12)~~ Outra levaba chourizos
que houbo de loquear
decindo que'eran pro ghato
coméronos a cear.

7) ~~13)~~ Outra iba pola calle
con un molete de pan,
tiña verghonza levalo
dáballo ó sacristán.

~~14)~~ Decindo que llo levase
de paso qu'iba prá casa
e non llo quixo levar
porque ~~porq~~ ~~que~~ xa sabe o que pasa.

# ID#582

Ponteceso III, 1, Malpica, Marzal 1980
Sebastian Rois Porto 64 anos, mariñeiro
CD 138-5-6.

-N. II-

III,1, 8 ~~15~~) Esto foi ~~o mas~~ bo pós da pintura
que fixeron o diñeiro
e vós se queredes mais
ide a Corralla o Sequeiro.

~~16~~) Que cando por carbón andan
de noite e pola mañán
non sei cómo andarían
polos trapos do Prián.

2:57 FIN.

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0138_005_en_Ponteceso_III_1_405_id582*